

Bos días, meus chicos e chicas de 5º de primaria!

Teño unha moi boa noticia!!! O próximo martes día 10 volvemos ao cole!!! Que ben volver a estar con vós e poder continuar aprendendo xuntos!!!

Estou moi contenta co voso traballo e co voso esforzo. Estadades traballando xenial!!! Parebéns!!! Sei que vós podedes con este confinamento e moito máis. Que orgullosa estou dos meus chicos e chicas de 5º de primaria!!!

Para estes días que quedan de corentena non vou mandar deberes novos, pero si estudar un pouquiño e rematar os deberes que teñades sen facer do luns. Recordade enviar as actividades ao meu correo: profeantia@gmail.com

LINGUA GALEGA: Como xa sabedes, temos pendente un exame que faremos a próxima semana. Polo tanto, tedes que **estudar o tema 2 (páxinas 35, 40, 41, 42, 44 y 45)**. Tamén podedes estudar polos esquemas do caderno. A continuación, tedes unha lista dos contidos que debedes estudar para o exame:

- **Páxina 35:** Descrición dun obxecto.
- **Páxina 40:** Diferenza entre frase e oración. Análise de oracións: suxeito, predicado, núcleos e suxeito elíptico.
- **Páxina 41:** Palabras monosémicas e polisémicas.
- **Páxina 42:** O acento gráfico nas palabras agudas.
- **Páxina 44:** Características do verso e da prosa.
- **Páxina 45:** As cantigas medievais (de amigo, de amor e de escarnio e maldicir). Trobadores, xograres e cancioneros.

O martes día 10 faremos unha clase de repaso para resolver todas as dúbidas e **o mércores día 11 faremos o exame do tema 2.**

CIENCIAS DA NATUREZA: Estudar as páxinas 58 e 59. O martes día 10 na clase faremos unha ronda de preguntas sobre estas páxinas.

- **Páxina 58:** Características e partes das plantas (follas, talo e raíz).
- **Páxina 59:** Clasificación das plantas en plantas con flor (anxiospermas e ximnospermas) e plantas sen flor (fentos e musgos).

MOITO ÁNIMO VALENTES!!! Vémonos en cinco días!!! Un bico moi grande!!!

Antía.